

GUÍA DE LECTURA



CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

Inma Soto naceu en Ourense en 1984 e dende nena sentiuse moi conectada coa natureza. Por iso, cando chegou o momento de estudar, decantouse por Ciencias do Mar en Vigo. Ao



rematar, continuou a súa formación cun ciclo de Xestión Forestal e do Medio Natural en Xinzo e leva dez anos dedicándose á educación ambiental.

Gústalle moito os contos. Así que inventou un ela mesma que titulou : ***Xela, a superheroína de aldea*** e está ilustrado por **Clara Cerviño**, bióloga viguesa, tamén nacida en Ourense e que actualmente vive en Ibiza.

No conto fálanse da fortuna que temos nas aldeas por ter todos os recursos ao noso redor; do que significa ter unha horta ao pé de casa, unha fraga chea de animais... O seu obxectivo é que os nenos e nenas se sentan moi orgullosos do seu e que atopen un momento para falar da súa aldea, dos seus avós... Quere que **Xela** sexa un referente. Unha nena valente, aventureira, atrevida e moi íntegra; ligada por completo ao rural, á súa natureza e á súa biodiversidade, capaz de defendela custe o que custe.

CUESTIÓNS PARA TRABALLAR A LECTURA

INTRODUCCIÓN

1 Como se chama a protagonista da historia?

2 Como é Xela?

3 Onde vive Xela?

4 Cando fumega a cheminea da súa casa?

5 Que ten Xela?

Luns

6 De quen era a gata?

7 A onde se foi a gata?

8 Por que saíu disparada a gata da Sra. María?

9 Quen axudou á gata asustada?

10 Por que gardou Xela no peto os seus pendentos?

Martes

11 Quen chamou o martes á porta da casa?

12 Para cantos estaba posta a mesa. Cantos eran agora?

13 Que cearon a noite do martes?

DEBUXA COMO TE IMAXINAS A ALDEA DE XELA

Mércores

14 A quen observou durante varios días Xela?

15 Por que estaban en apuro os paxariños?

16 Como axudou Xela aos paxariños?

17 Que tipo de paxariños son os que axudou Xela?

Xoves

18 Que tempo atmosférico fixo o xoves?

19 Que roupa especial puxo o día que choveu?

20 Que observou entusiasmada o día de chuvia?

Venres

21 Por que non enfermou Xela coa molladura?

22 Como quen é de forte Xela?

23 De que enfermou Xela?

24 Quen era Dracma?

25 Cara onde marcaron os veciños por mor de Dracma?

26 Que pensou Xela para salvar ao pobo?

Sábado

27 Describe a Dragma?

28 Que fixo Xela para disimular os nervios?

29 Que atopou Xela no peto?

30 Que trato fixo Xela con Dragma?

Domingo

31 Que fixo Xela o domingo?

32 Volveron a ver a Dragma?

FAI UN DEBUXO DE CÓMO TE IMAXINAS A DRAGMA

Relaciona cada animal co seu nome e di que día retratou Xela?



Burra



Rá



Vaca



Corzo



Bolboreta



Vacaloura



Ourizo



Píntega



Ferreiriño



Raposa



Andoriña



Galiñas



Xoaniña



Esquíó

AVALIACIÓN

Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

- A protagonista chámase Xela.
- A historia acontece nunha gran cidade.
- A Sra María tiña un gato.
- Onde comen 5, comen 25.
- Os días de choiva Xela queda na casa.
- Xela é forte coma un buxo.
- Dragma era un bo home.
- Dragma comprou a casa de Xela.
- A Xela gústalle merendar debaixo dun carballo.

COLOREA A TÚA OPINIÓN SOBRE O LIBRO



GUSTÁRONCHE AS ACTIVIDADES



COLOREA A TÚA OPINIÓN SOBRE O CONCURSO



CONTESTA: Recomendarías a lectura deste libro.

.....

.....

